



No **DÍA** das **BIBLIOTECAS ESCOLARES**, **BIBLIOCERVO** quere lembrarvos que estes lugares máxicos son unha ferramenta fundamental para a formación dos vosos fillos e fillas como lectores competentes e críticos da múltiple e variada información que lles chega do entorno que os rodea. Por iso, reservar na casa un espazo para os libros do voso fillo/a é unha excelente idea, algo normal e necesario nun fogar onde se aprecia e comparte o valor que ten a lectura e estímúlase a súa práctica. Contar cunha biblioteca persoal fomenta actitudes positivas do neno/a cara aos libros, contribúe a que lles dedique unha atención especial e os coide.

Por outra banda, queremos informarvos que o proxecto deste curso titúlase **CÁNTAME UN CONTO**, moi relacionado coa música e de cuas actividades vos iremos informando e pedindo a colaboración que sempre manifestástedes. A vosa participación e implicación é fundamental para entre todos construír unha comunidade de aprendizaxe arredor da lectura e da biblioteca.

Bo curso e boas lecturas!

Equipo de Biblioteca do Colexio de Cervo

24 DE OUTUBRO 2014

DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Como crear e organizar a biblioteca do teu fillo/a?



BIBLIOCERVO
<http://bibliocervo.blogspot.com/>



Que debes ter en conta á hora de crear a biblioteca do teu fillo/a?

O lugar

Busca un espazo que sexa doadamente accesible para el e que ademais permita ver ben os libros e o resto de materiais. Non os mesturedes cos xoguetes. É importante que dende un principio demos á lectura unha consideración especial. Canto maior é o neno, é máis recomendable que a biblioteca se coloque nun espazo que sinta como propio, por exemplo o seu cuarto.

A organización

Resulta imprescindible a medida que a súa colección medra, aínda que é conveniente establecer un sistema dende o principio, que axude ao neno a localizar doadamente os libros.. Organizar a biblioteca axúdalle ademais a descubrir e diferenciar xéneros, temas, personaxes e formatos. É unha vía para educar neste sentido ó lector, que ademais fomenta hábitos de coidado e orde.

Os métodos para organizar a biblioteca poden ser moi variados. Elixe un sinxelo de manter e que creas que resultará motivador para o teu fillo/a:

Por temas (misterio, aventuras, vida real)

Por xéneros (álbum ilustrado, novelas, informativos, rimados)

Tendo en conta os personaxes protagonistas (animais, persoas)

Outros válidos, aínda que menos interesantes: Polo formato ou tamaño, pola editorial...

A disposición.

Colocar os materiais con esmero, coidando que estean visibles e doadamente accesibles é práctico e mostra, ademais, o interese e respecto que se ten por eles.

Pódese ter unha caixa ou un espazo reservado para materiais prestados da biblioteca, para que non se confundan cos vosos.

E en canto aos libros?

Aplica a máxima de calidade máis que cantidade, aínda que para o neno será estimulante ir vendo como a súa biblioteca medra con el.

A composición da colección dependerá lóxicamente da idade e, por suposto, dos seus gustos e preferencias particulares; non esquezas que en lectura nunca se trata de impoñer, senón de orientar ó neno a medida que vai medrando. Convén que dende os seus primeiros anos colabore na elección das súas lecturas, por iso é bo levalo de cando en vez á librería para ollar e elixir os libros.

Non se pode establecer un modelo único nin ideal de biblioteca. Intenta dotala de variedade, enriquecéndoa pouco a pouco con materiais de distintas temáticas, formatos e soportes (libros, audiovisuais...). Ao incorporar os novos, preséntallos ao neno como unha novidade. Fai que os envolvan na librería e que os nenos os reciban na casa como un regalo importante. Crea expectación, sorpresa... e acompaña o neno no seu primeiro contacto con eles. E non tes por que esperar a datas sinaladas:



**CALQUERA DÍA É AXEITADO PARA CONSEGUIR
UN LIBRO**